

I CERTAME DE RELATOS CURTOS “A MULLER MAIS IMPORTANTE DA MIÑA VIDA”

O Concello de Boiro convoca o Primeiro Certame de Relatos Curtos “A muller máis importante da miña vida” conforme ás seguintes bases:

CONDICIÓNS XERAIS

- ✦ Poderá enviarse ao Concurso un só relato por participante.
- ✦ Poderán participar todos as nenas e nenos que cursen 5º e 6º de primaria nos CEIP do Concello de Boiro.
- ✦ O relato deberá estar escrito en lingua galega.
- ✦ A obra deberá ser inédita, non premiada noutros concursos.
- ✦ Extensión mínima de dous folios e máxima de catro folios en formato DIN A4, interlineado de 1'5 por unha sola cara; o tipo de letra utilizada será Times New Roman de 12 puntos.
- ✦ No relato non aparecerá o nome da autora ou autor.
- ✦ A inscrición é gratuíta.

PRAZO E SISTEMA DE PRESENTACIÓN

- ✦ A fecha de presentación dos relatos será do 6 ao 20 de febreiro de 2012.
- ✦ Os relatos deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello, e se entregarán nun sobre pechado, onde figure por fóra Certame de Relatos Curtos: “A muller máis importante da miña vida”.
- ✦ O sobre deberá incluír a obra con título e sen o nome do autor, e outro sobre cos datos da obra e os datos persoais do autor (nome, apelidos, fecha de nacemento, colexio no que estea colexiado e un teléfono de contacto).

XURADO

- ✦ O xurado estará composto por:
 - D. Juan José Dieste Ortigueira. Alcalde do Concello de Boiro.
 - Dna. Carmen Beatriz Deus Miguez. Concelleira de Servicios Sociais, Muller e 3ª idade.

- Dna. Elena Teixeira Barcala. Concelleira de Cultura, Patrimonio, Persoal e Comercio.
 - Dna. María Jose Lorenzo Ouviaña. Concelleira de Educación, Sanidade e Consumo.
 - Dna. Cornelia Ces Miranda. Concelleira de Turismo, Participación cidadán, Relacións veciñais, Relacións Públicas e Institucionais.
- ▲ Pasado o prazo de presentación, o xurado, dará a coñecer as 10 obras finalistas e de entre esas 10 as 3 gañadoras, nun prazo que non poderá exceder o 8 de marzo de 2012. O fallo do xurado publicárase na páxina web do Concello www.boiro.org.
- ▲ A entrega de premios farase o 11 de marzo, durante as xornadas conmemorativas do Día Internacional da Muller Traballadora, no lugar e hora que se comunique.
- ▲ O fallo do xurado será inapelable.

PREMIOS

- ▲ Para os 3 gañadores:
- Un reprodutor MP5.
 - Lectura dos seus relatos nas Xornadas Conmemorativas do Día Internacional da Muller Traballadora.
 - Publicación dos relatos na Revista Dixital “Mulleres Boiro”.
- ▲ Para os finalistas:
- Lectura dos seus relatos nas Xornadas Conmemorativas do Día Internacional da Muller Traballadora.
 - Publicación dos relatos na Revista Dixital “Mulleres Boiro”.

OBSERVACIÓNS

Non se devolverán os relatos presentados. Os relatos non premiados serán destruídos inmediatamente despois da comunicación do Xurado. Todos os datos de carácter persoal serán destruídos unha vez finalizado o proceso.

A participación neste Certame supón a plena aceptación destas bases, sen dereito a posterior reclamación.